

PROBA ESCRITA
LINGUA GALEGA E LITERATURA (1ª AV. - II)
2º ESO A – 11/12/2020

NOME E APELIDOS: _____

Un veciño maior cruzaba diariamente a fronteira entre Galiza e Portugal en bicicleta, cargando sempre un saco ó ombro.

Cada vez que atravesaba a raia, os gardas mandábano parar e preguntáballe que levaba no saco. O home, paciente e educado, mostraba sempre o contido: “é só carbón,” explicaba. E os axentes, ofendidos, deixábano pasar.

A mesma escena repetiuse durante anos ante o malestar crecente dos gardas fronteirizos. Non só eran incapaces de encontrar material de contrabando, senón que en cada novo control manchaban o uniforme de carbón.

Sen que os gardas se decatasen, o segredo do home estivo á vista ó longo de todos eses anos: era un contrabandista de bicicletas.

Fragmento do libro *Fariña*, de Nacho Carretero [adaptación]

1.

- a) Indica a que xénero literario pertence este texto. [0,25]
- b) Fai un resumo do texto. [1]
- c) Sinala a estrutura do texto que acabas de ler (podes facelo no propio texto). [0,75]

2. Procura no texto:

- a) 5 substantivos [0,5]
- b) 5 preposicións (serven contraccións, mais debes descompoñelas) [0,75]

3. Escribe o nome do subxénero narrativo que corresponde con cada definición: [0,6]

- a) *Narración breve e sinxela de orixe oral e popular:*
- b) *Narración de orixe culta, de certa extensión e complexidade:*
- c) *Narración tradicional de feitos fantásticos sobre fenómenos da natureza ou feitos históricos:*

4. Escribe a palabra coa que corresponde cada definición: [0,6]

- a) *Pedra moi grande que sobresaí na terra ou no mar:*
- b) *Conxunto de versos ou verso que, nalgúñas composicións poéticas, se repite despois de cada unha das estrofas:*
- c) *Lugar onde os barcos de pesca largan os aparellos para capturar o peixe:*

5. Escribe as letras do alfabeto galego [0,6]:

6. Sinala 3 diferenzas entre a literatura popular e a culta. [0,75]

7.

a) Escribe a forma correcta en galego das seguintes palabras: [0,4]

Gaviota >

Golondrina >

Cigüeña >

Paloma >

b) Escribe o nome en galego de 3 peixes: [0,3]

8.

a) Forma o plural das seguintes palabras: [0,5]

tórax >

sol >

papel >

israelí >

móbil >

b) Cámbialle o xénero ás seguintes palabras: [0,5]

muradán >

nora >

rei >

vaca >

león >

c) Pon diante de cada palabra o artigo feminino ou masculino segundo corresponda: [0,5]

tatuaxe

ponte

leite

análise

mel

arte

farinxite

eme

costume

cor

9. Escribe oracións coas seguintes palabras nas que demostres que coñeces o significado de cada unha (nunha mesma oración podes utilizar varias destas palabras): [0,8]

póla presa mais óso

10. Redacta unha breve noticia inventada e sinala as súas partes (polo menos, dúas). [1,2]